

6 *Guest article*

# Escenificando Galicia, escenificando a diáspora

**Eva Moreda**

Escoitei por primeira vez a palabra ‘diáspora’ aos doce ou trece anos, nas clases de relixión do colexio. Por moita aura nacionalcatólica que isto poida ter, a min daquela as clases de relixión parecíanme divertidísimas. En sexto de E.X.B. comezáramos a dar historia sagrada, e a min esa imaxe do Iavé do Antigo Testamento, atrincheirado no alto, esculcando todo canto facían os fillos do seu suposto pobo predilecto para caer sobre eles con toda a súa furia ao mínimo deslíz, tíñame moito aquel. En sétimo xa pasamos ao Novo Testamento e Iavé pasou a ser máis magnánimo e, desde a miña perspectiva, menos interesante. Pero, a cambio, aprendín a palabra ‘diáspora’.

Diáspora. É unha palabra que mesmo me prestaba, e me presta, dicir. Facíame cóxegas nos beizos. Diáspora. Terá algo que ver con esa consonante líquida da última sílaba, ou coa sibilante da primeira. Anos máis tarde, estudando os prefixos gregos, volvinme atopar con esta palabra, pero ningún encontro tivo a fascinación do primeiro. Diáspora. En realidade, daquela non sabía moi ben o que significaba, e era demasiado boa alumna para preguntar. Lembro que tiña que ver coas comunidades de xudeus que vivían fora de Israel, e que alguén —non sei se Pedro, ou Paulo, ou Santiago; tanto dá— teimaba en converter ao Cristianismo nalgún momento do século I. Pero non se sabía por que toda esta boa xente, sendo xudeus, vivían fóra de Israel. É dicir, cando rematáramos sexto de E.X.B. deixáramos aos xudeus, en aparencia, vivindo felices na súa terra. E en sétimo, de súpeto, xa non estaban todos alí. Resulta que algúns vivían fóra. O libro de Relixión non deixaba moi claro por que, pero máis ou menos podía deducirse que algo malo pasara. Que algo fixera mal aquela xente, e por iso vivían fóra. Que o Iavé esculcador do Antigo Testamento probablemente volvera facer das súas. Así que, aínda que o significante fose tan glorioso, o significado seguramente agachaba unha realidade ben máis sombría.

Diáspora. Hoxe segue fascinándome esta palabra. Grazas a ela, en terceiro de B.U.P. aprendín, para non esquecer xamais, que a preposición ‘dia’ pode ter, entre outros moitos significados, o de ‘dun extremo a outro’, o inglés ‘across’. Se cadra me fascina máis, aínda que non estou segura, porque hoxe me reflicto nela, porque eu son parte da diáspora. E penso. Antes gustábame tanto o son da palabra que podía repetila mil veces ata que non era máis ca unha sucesión de fonemas que soaban ben, un significante sen significado. Hoxe o significado impórtame, e moito. E por iso penso. Penso,

por exemplo, por que souben da palabra diáspora —esa marabillosa palabra— estudando a historia duns señores que viviron dous mil anos antes ca min e de casualidade, se non habería ocasións máis próximas, máis da casa, para aprender a palabra diáspora.

Penso e miro para o que outros pensaron antes ca min. 'É estranamente irresistible pensar sobre o exilio, pero é terrible experimentalo. É a escisión incurable forzada entre un ser humano e un lugar nativo, entre o eu e o seu verdadeiro fogar: a súa tristura esencial nunca pode superarse', escribe Said, el tamén un exiliado. Escisión, incurable, tristura esencial. Se 'diáspora', con esa última consonante líquida, con ese elegante prefixo grego, semella falar dunha flor que creba delicadamente e á que o vento lle espárese o que levaba dentro, as palabras de Said falan de carnes abertas. De sangue mesmo. Máis inquietante me resulta aínda é iso de que a alma teña un fogar. Simone Weil escribía que ter raíces, estar enraizado, é quizais a necesidade máis importante e menos recoñecida da alma humana. Que o destino do exiliado estea virando cada vez máis común non semella proporcionar ningún consolo. Xa nos anos 40, Heidegger predicía que, no futuro, todo o mundo sería un emigrado. As palabras multiplícanse. Diáspora, a máis fermosa, pero tamén emigrado, exiliado, refuxiado, desprazado. E non podo menos que pensar en miles, millóns de almiñas, todas elas fóra do fogar de seu que para elas quere Said. Tamén o deixou escrito Fernando Pérez-Barreiro, que probablemente sentiu a fenda incurable da que fala Said durante máis da metade da súa vida, desde comezos dos sesenta en Londres ata que morreu en xaneiro do ano pasado en Lancaster: 'As diásporas non son un fenómeno novo, pero están pasando a ser unha característica dos nosos tempos. Están deixando de ser una cuestión marxinal e anecdótica e pasando a constituir un elemento estrutural importante do mundo. O mundo é cada vez mais, parécenos, un mundo de diásporas'.

### O conto das dúas narrativas

Mundo de diásporas. Soa ben. Co bonita que é a palabra 'diáspora', ten que soar ben. E soa tamén moderno. E, descontextualizado, un tanto aséptico, aínda que non creo que fose esa a intención de Pérez-Barreiro (que no mesmo artigo non dubidaba en denunciar o paternalismo dos que quedaban para cos que marchaban). Nada que ver coas carnes abertas, coas escisións incurables de Said. Iso de 'mundo de diásporas' mesmo podía ver como título para unha das reportaxes xornalísticas ou audiovisuais sobre a emigración dos mozos galegos que tan populares semellan ser ultimamente.

Esa é a primeira das dúas narrativas coas que a Galicia actual pretende narrar, se cadra comprender, a súa diáspora, e en realidade non sei cal das dúas que hai me arrepía máis. Imos coa primeira, a do 'mundo de diásporas'. Mozas e mozos galegos facendo unha queimada en Londres. Mozos galegos facendo un magosto en Central Park. Ou reuníndose para falar galego —atención ao subtexto: falar galego é noticia; éo fóra e xa vai camiño de selo tamén dentro— en Copenhague ou en Toquio. A experiencia do exilio, do desprazamento, da diáspora, da carne aberta que evoca Said, queda así descafeinada, neutralizada, castrada. Eu non comparto de todo o achegamento dramático de Said, cheo de escisións e de tristura profunda. Tamén teño as miñas dúbidas de que a cada almiña lle corresponda un fogar na terra. E que dicir da miña primeira experiencia da palabra, a daqueles xudeus que, se estaban fóra da casa, era porque algo farían mal. Pero, aínda

deixando de lado toda a desolación, é a diáspora nada máis ca unha excusa para contar anécdotas do moito que nos sorprendeu que os autos circulasen pola esquerda ou que se almorzase ás doce do mediodía, como semellan suxerir as diversas reportaxes que tratan a diáspora como se non fose máis ca unha bolsa Erasmus ao besta? As almiñas sen fogar no mundo de diásporas.

Logo está a segunda narrativa. Esta trascende ás veces os medios de comunicación —onde vive e florece sobre todo nas columnas de opinión; seguramente non sexa abondo xovial pero tampouco abondo sensacionalista para merecer unha reportaxe— e vaise instalar —temporalmente, iso si— nos discursos electorais e electoralistas. Coa segunda narrativa é coa que máis me lembro daquel Iavé do Antigo Testamento, sempre tan voluntarioso para atormentar e castigar ao seu pobo elixido e predilecto. Só que aquí a maldición bíblica é moito máis pragmática: o paro, a precariedade, a falta de oportunidades para os máis novos. Algún mesmo fai de profeta e vaticina unha xeración perdida para Galicia que se deberá notar nalgún momento das próximas décadas. A primeira narrativa, xa que logo, converte a diáspora en anécdota. A segunda convértea en maldición, sen máis. E aínda non estaría mal se algún dos comentaristas suxerise, aínda que fose timidamente, algún camiño para saír desta maldición, para darlle a volta ou, cando menos, para aproveitármolos dela. Non é así. A maldición vén de arriba, e como tal acéptase. E aínda máis: de acordo con esta narrativa, as principais vítimas desta maldición non son os que viven fóra, as almiñas sen fogar, senón os que quedan dentro. Privados de man de obra cualificada ou, como se di agora, de recursos humanos que vai buscando pastos máis verdes. A min esta segunda narrativa lémbreme ás veces a aquela señora que foi dar o pésame a unha amiga súa que viña de enviuar, e non se lle ocorreu nada mellor que intentar consolala dicíndolle: “*Éche verdade, muller, que todos temos as nosas desgrazas. A min unha pita pónme fóra*”.

Falo destas dúas narrativas e de tribunas, se cadra, pouco dignificadas —os suplementos de fin de semana dos xornais, as columnas de opinión que se len entre café e café, os mítines— porque, de momento, non hai outras; ninguén, que eu saiba, se quere ocupar da diáspora noutras tribunas. Estou tentada de reclamar que alguén o faga, que alguén se poña a pensar comigo, pero contéñome: é que hai que facelo? Que é a diáspora para un ser humano, calquera ser humano? Que é cantar para un paxaro? Que é nadar para un peixe? Que é escribir para un escritor? É algo que se fai. Non fai falta pensar sobre iso, ou, se se pensa, mellor non pensar moito. Como Castelao, que no seu exilio americano escribía:

‘Mais eu preguntaría-lle aos economistas: ¿Cáles son as necesidades de emigrar? ¿Cáles son as necesidades que en Galicia debemos suprimir? ¿Abondaría comer ben e durmir sin pesadelos para dar acougo ás nosas arelas de ver mundos? Perguntémoslle aos catorce mariñeiros galegos que traballan n-este barco e axiña nos decataremos de que, so pretexto de necesidades materiaes, emigraron para satisfacer anxeios metafísicos e compriren os destinos da nosa raza viaxeira, magoada de saudades e ao mesmo tempo enraizada no chan nativo. ¡Quén sabe se a saudade galega non sería outra cousa máis que a loita de dous anxeios incompatibles: o de estar e non estar na terra!

Hai unha forza que nos empurra cara o mundo e outra que nos xungue á terra nativa, pois se os camiños nos tentan a camiñar é porque deixamos unha luz acesa sobor da casa en que fomos nados, e alí nos agarda o fin

da vida. Andar, andar, andar, e no remate dos traballos devolverlle á Terra o corpo que éla nos empréستou'.

Onde Said fala de escisións incurables, de tristuras esenciais, Castelao fala de necesidades metafísicas. Por que canta un paxaro? Por que nada un peixe? Por que emigra un galego? Ou, simplemente, un ser humano? Fai falta pensalo? Ou fai falta só vivilo?

### Da narrativa ao teatro: a escenificación

Maio do 2005. Tres meses en Alemania, e outros tres meses por diante, e gañas de coñecelo todo. Para aquela fin de semana de mediados de maio, elixín Fráncfort. Goethe e o Römer e a igrexa de San Paulo. E unha praciña da cidade vella da que non lembro o nome, nin sabería atopar se hoxe volvese poñer o pé alí. Música de lonxe, unha música familiar. Ana Kiro. Unha música que, de volta en Galicia, faría de menos, á que non concedería a mínima capacidade para emocionarme. En Fráncfort si me emocionou. Unha festa de galegos da diáspora. Non me presenteí, non falei con ningún deles. Son tímida e, ademais, aquela festa, de momento, non era miña. Eu aínda non era parte da diáspora. Gustábame a palabra, pero daquela soábame a xudeus fóra da casa, a prefixos gregos. Non me soaba a min. Aquela festa de galegos —que, conféssoo, a min tíñame a priori unha aura de emigración dos sesenta que me espantaba—, aquela canción de Ana Kiro —que non lembro nin cal era—, foron o rito iniciático. Percorrín aquela praciña, deille tres ou catro voltas cos ollos húmidos e a boca pechada, sen falar con ninguén. E aí comecei a intuír que o exilio, o desprazamento, a pertenza á diáspora, tamén hai que representala. Hai que vivila, porque está na nosa natureza, como dicía Castelao. Se cadra hai tamén que pensala. Pero, sobre todo, hai que representala.

En 1990, Judith Butler revolucionou o mundo dos estudos de xénero coa súa teoría do xénero como representación, como escenificación, como *performance*. Segundo Judith Butler, todos escenificamos a nosa pertenza ao noso xénero desde o día un, cada día, mediante xestos ritualizados que repetimos unha e outra vez. Ata aí, nada sorprendente, nada que calquera minimamente observador non poida intuír. Pero Butler vai un paso máis aló e cuestiona a existencia mesmo do xénero unha vez peladas todas as capas da cebola da escenificación: o xénero non está aí, no carozo, unha semente dura e inmutable que por algún lado ten que saír cara a fóra. Esa semente non existe. O xénero nace e morre na representación que facemos del, é o efecto dramático do noso traballo de actores.

E que facer ante a constatación de que o que críamos o celme da nosa identidade non existe? Aproveitar a situación, escribe Butler. A natureza performativa do xénero é o que o volve subversivo; nada nos impide entregarnos plenamente a representar o noso xénero, unha multitude de xéneros, como mellor nos pareza, sen atender aos xestos ritualizados sancionados pola sociedade, e chegar a construír, en último termo, un mundo onde o xénero sexa fluído, onde a súa escenificación non estea sometida aos xugos e as arbitrariedades dun indeterminado director de escena.

E se a nación tamén é como o xénero? Se non existise como tal, se non fose máis que unha colección de xestos que repetimos como parte da nosa escenificación? Non é a miña intención explorar aquí todas as implicacións desta afirmación (bastante temos co que temos como para suxerir que, no fondo, nada existe e todo é puro efecto dramático), pero si suxerir

que, na diáspora, a representación da propia identidade nacional adquire unha importancia especial; se Castelao falaba da diáspora como necesidade metafísica, eu tamén falo da necesidade de representar a propia identidade nacional cando un está fóra do seu país, unha necesidade que se cadra non chega a experimentar se queda dentro.

Disto decateme eu por vez primeira aquela tarde de maio en Fráncfort, e o meu rito iniciático, o meu debut no escenario da grande obra da galeguidade, foi emocionarme con aquela canción de Ana Kiro. Non digo que non fose unha representación sincera, pero era, ante todo, unha representación, e ben que me decataba. O meu *eu* verdadeiro non era así. Ao meu *eu* verdadeiro, o que vivía no sitio que lle correspondía, Galicia, nin se lle pasara pola cabeza que representar a súa galeguidade, fose isto o que fose, puidese ser unha necesidade. E moito menos representala ao son dos acordes de Ana Kiro.

Na diáspora hai algo de esaxerado. Said o di, e eu mesma referinme antes aos retratos folklorizantes da emigración dos sesenta. E as reportaxes que falan dos mozos galegos emigrados que hoxe se reúnen en París, en Berlín ou en Los Angeles para facer un caldo ou unha queimada tamén teñen un punto de esaxeración. A esaxeración, a vulgaridade, a chabacanería mesmo, son aquí o produto de intentar reproducir o que non se comprende: a necesidade de representar a propia identidade. Porque non se comprende. Galicia, despois de século e medio de historias de emigración, de Bos Aires a Suíza, é aínda en boa medida incapaz de falar da súa diáspora sen folklorizala, sen banalizala.

### Xunguir os fragmentos

De onde vén esa necesidade de representar, de escenificar? Novamente, non creo que haxa respostas definitivas. Pero atreveime a aventurar unha, e para iso volverei a Said. El escribía que o exilio 'é fundamentalmente unha forma discontinua de ser [ou de 'estar'. O verbo inglés 'to be' ten os dous significados, e aquí, máis que nunca, é difícil elixir só un deles). Os exiliados están separados das súas raíces, da súa terra, do seu pasado'. A min tamén me gusta pensar así a diáspora, como unha discontinuidade. Cando un marcha, deixa un eu na patria e leva outro eu consigo. O eu da patria vive no seu propio tempo, normalmente o pasado, aínda que tamén pode ser un futuro idealizado, e o eu da diáspora fai o que pode vivindo cos tempos que lle tocan.

E se a representación, a *performance*, fose un medio de triunfar sobre esta discontinuidade, de xunguir outra vez os anacos que quedaron espaxados en diferentes lugares e momentos? Por moito que esteamos representando a alguén que non somos de todo nós, polo menos é *alguén*, e non a suma de varios *alguéns* que viven en planos distintos. Polo menos a representación nos permite facer agromar un sentimento, verdadeiro ou falso (poden os sentimentos clasificarse en verdadeiros ou falsos?) e poñer a todos os nosos *eus* a escenificalo.

Sería interesante analizar, dentro da diáspora galega, quen escenifica máis e quen menos, e como o fai, e en que momentos, e de que medios se serve para facelo. Eu teño para min que na análise dese crisol tería un papel destacado Ana Kiro, como facilitadora da *performance* necesaria, ás veces individual —como é o meu caso—, outras veces —moitas máis veces— colectiva. Esa foi, no meu modo de ver, a verdadeira grandeza da arzuá.

Ese foi o motivo, non sempre recoñecido, de que a súa recente morte desatase unha inesperada avalancha de mostras de dor, porque ‘avalancha’ é a palabra que mellor o describe se, como me tocou a min, un viviu aquel día do pasado setembro desde o exilio, asomado só á Galicia virtual que coido que rematará por converterse —xa se está convertendo— noutro escenario imprescindible para que a diáspora actual represente a sua galegitude. Ana Kiro era coma unha sacerdotisa, sempre tocando os resortes necesarios para desencadear a *performance* da nación mesmo nas persoas que non se crían capaces deste ritual (ou que se crían por enriba del). Era como o pegamento capaz de xunguir os anacos desperdigados entre o lugar de pertenza e os outros lugares.

Os anacos. O crisol. Discontinuidade. Escribo algo sobre a diáspora, penso algo, e xusto despois apetéce-me borrarlo, ou matizalo, ou contradicirme. Como non reivindicar o dereito a contradicirme? A propósito de Ramón Piñeiro, Suso de Toro escribía ‘Os escritores imaxinamos as persoas semellantes a nós, complexos, contraditorios e máis ou menos volúbeis, un aprende algo cando se topa con alguén feito dunha soa peza, como coido que foi Ramón Piñeiro’. Se cadra, a diáspora non é fluída, complexa, contraditoria; se cadra é moi fácil de entender, se cadra é dunha peza, como Ramón Piñeiro. Se cadra, parafraseando o coñecido refrán inglés, *contradiction is in the eye of the beholder*. E eu levo a contradición nos dous ollos. Nun ollo, por escritora. No outro, por exiliada, porque o exilio, como dicía Said, é un estado de discontinuidade. En ‘Shiloh’, un maxistral relato da escritora estadounidense Bobbie Ann Mason, hai un personaxe que só pode ver a realidade fragmentada en cachiños. Leroy Moffit non era exiliado (semella que nunca saíra do seu Kentucky natal), nin escritor (era a súa dona, Norma Jean, a que se matriculaba nun curso de escritura creativa na universidade co obxecto de mellorar a súa vida), pero era incapaz de xunguir sequera dous dos anacos que vía diante. De aí a traxedia, claro.

Hai algo máis dun ano, escribín un artigo breve —publicado en forma de entrada de blog— sobre a actual diáspora galega. Escribino con moito coidado, deille voltas e voltas, finalmente saqueino á luz e tivo algunhas respostas alentadoras. Falaba eu daquela da necesidade de que as administracións, a sociedade galega, a propia mocidade galega da diáspora, senten un día todos xuntos —metaforicamente, claro— e matinen a) se a mocidade que está fóra pode contribuír algo ao desenvolvemento futuro de Galicia; b) se Galicia precisa/ desexa esta contribución; c) se a) e b) son verdadeiras, cales son os mellores canles para que isto suceda. Isto é, en esencia, o que sigo a pensar; nalgún momento, coido, temos que deixar atrás as mencións electoralistas aos mozos emigrados e evolucionar. Pero hai outros aspectos do artigo dos que hoxe renego, contraditoria como son. Por exemplo, no meu retrato da moderna diáspora galega, coidadosamente depurada dos aspectos que entón —e hoxe— me repugnaban: o folklorismo das reportaxes mediáticas e o choromiqueo electoralista:

‘Dise moito que a actual emigración cara a outras zonas do Estado Español, Europa e América do Norte nada ten que ver cos movementos que levaron a moitos galegos aos mesmos lugares nos anos 60 e 70, formada principalmente por persoas de baixa cualificación, en moitos casos homes sós, que ocupaban un lugar bastante modesto na sociedade de acollida. Nesta ocasión, o tópico cúmprese. Só en Londres, hai galegos en postos da máis alta cualificación profesional no Victoria & Albert Museum, no Imperial College, na BBC, no Royal

Bank of Scotland... E desenganémonos: non se trata de ser uns cerebriños nin uns supermáns, senón simplemente de desenvolver unha carreira profesional no ámbito que un elixiu de xeito acorde coas cualificacións, as capacidades e sobre todo o esforzo de cada un. Isto que parece tan lóxico é en Galicia, sobre todo para os máis novos, bastante enteléquico.

Temos, pois, un xacemento de talento e de coñecemento que, en moitas ocasións, desexaría que este talento e este coñecemento revertesen en Galicia. Non me vou facer aquí portavoz de ninguén máis que de min mesma. Pero si vou apuntar que, entre os galegos que fun coñecendo nos meus cinco anos fóra de Galicia, descubrín en moitas ocasións unha evolución similar á miña: cando un sae, leva na maleta un compromiso co país nada máis que incipiente e tímido, ou ben non leva nada en absoluto porque o tema lle produce indiferenza, ou mesmo pode levar unha certa dose de rexeitamento e do tan manido autoodio. E, despois duns cantos anos noutro lugar, un vai vendo que as cousas poden ser doutro xeito, pero que, por outra parte, a un non lle fai falta disfrazarse de madrileño nin de catalán (que agora tamén campa moito) para ser e estar no mundo, en Londres, en Hamburgo, en Nova York: a máscara de galego é tan boa —ou tan mala— como calquera outra. E entón é cando o compromiso bota raíces, ou agroma, ou comezan a lle nacer pólas floridas?

Si pero. Non todos somos cualificados profesionais comprometidos con Galicia, ou polo menos non todos o somos en todos os momentos do día. A pegada da emigración a Centroeuropa durante os sesenta ou setenta, a que eu rexeitei durante tanto tempo por folklorizada, segue serpenteando nos centos, nos miles de escenificacións de Galicia que se fan cada día fóra de Galicia. É malo isto? Non hai moito tempo, eu tería dito que si. Que a diáspora galega é outra cousa. Pero o folklorismo é só unha escenificación, e só unha das moitas escenificacións posibles. A galegitude tamén pode escenificarse, por exemplo, como morriña, como saudade. Ou como desapego.

O que importa, penso eu, é que a galegitude se escenifique sexa do xeito que sexa. Importa para os que quedan dentro, porque, se dentro de Galicia pode haber tres millóns de ideas diferentes do que é o país, fóra, onde as cousas se dramatizan e se escenifican, hai catro ou cinco veces máis. E, ao mellor entre tanta idea representada ou non representada, impostada ou real, atopamos algunha, ou varias, que nos valla para estar no mundo sendo o que somos. E importa para nós, os que estamos fóra, importa que comprendamos a magnitude, a forza colosal da nosa representación. Porque é esta representación a que nos xungue ao noso lugar de orixe; a que xungue os nosos propios anacos desperdigados por tempos e lugares diferentes; a que nos xungue cun mundo en que as persoas coma nós xa son a regra e non a excepción.

